

BASES CONCURSO

I PREMIO XOVEN EMPRESARIO DE LUGO

Primeira: Requisitos dos candidatos.

Poderán ser candidatas a participar no Premio tódalas empresas integradas na Asociación de Jóvenes Empresarios de Lugo-AJE Lugo, tanto persoas físicas como xurídicas, que no prazo de presentación de candidaturas estean ó corrente das cuotas correspondentes.

O capital social das sociedades participantes deberá estar participado nun 25% como mínimo por persoas físicas menores de 45 anos ou pertencer integramente nun 100% a emprendedores menores de 45 anos.

Non poderán presentar as súas candidaturas os membros actuais da **Xunta Directiva** de AJE Lugo.

Segunda: Ámbito territorial.

As empresas candidatas deberán ter o seu domicilio na provincia de Lugo.

Terceira: Procedemento do concurso.

Logo da presentación das candidaturas por parte de tódalas empresas interesadas, a Xunta Directiva nunha reunión convocada exclusivamente ao efecto, elexirá de entre as empresas participantes 6 finalistas (e 4 empresas reservas para substituír as finalistas en caso de que non presenten a documentación).

A documentación destas seis empresas elevaríase ó Xurado, que elexirá ó gañador do Primeiro Premio e os dous accésits.

Cuarta: Criterios de valoración.

Para levar a cabo a valoración das candidaturas teranse en conta especialmente os criterios seguintes:

- a) Creación de emprego estable e de calidade.
- b) Carácter innovador do proxecto.
- c) Grao de proxección provincial, autonómica ou nacional da empresa.
- d) Investimentos e emprego de boas practicas na xestión empresarial: especial referencia as areas de Prevención de Riscos Laborais, Protección de Datos, Responsabilidade Social Corporativa, Conciliación Laboral e Familiar, respecto polo Medio Ambiente, Políticas de Igualdade de Xénero etc.
- e) Grao de implicación no asociacionismo empresarial.

Quinta: Xurado.

O xurado estará representado polos seguintes membros:

- Presidente da Asociación de Jóvenes Empresarios de Lugo-AJE Lugo
- Conselleiro de Innovación e Industria, ou persoa en quen delegue.
- Conselleiro de Traballo, ou persoa en quen delegue.
- Vicepresidenta 2ª da Deputación de Lugo: Delegada do área de Promoción e Emprego.
- Concelleira de Economía e Promoción do Emprego, ou persoa en quen delegue.
- Vicerrector da USC, ou persoa en quen delegue.
- Presidente da Cámara de Comercio, Navegación e Industria, ou persoa en quen delegue.
- Presidente da Confederación de Empresarios da Provincia de Lugo, ou persoa en quen delegue.
- Presidente da Fundación CEL, ou persoa en quen delegue.
- Representante da entidade “la Caixa”, patrocinadora do Premio.

Algún destes organismos poderá verse substituído por outro da mesma relevancia ante posibles incomparecencias ou imprevistos que poidan xurdir.

As decisións do xurado consideraranse inapelables e adoptaranse por maioría simple. En caso de empate decidirá o voto de calidade do Presidente do Xurado, cargo que ocupará o Presidente de AJE LUGO.

Sexta: Dotación dos premios.

A dotación dos premios estará repartida en **1º premio** dotado con 2.000 € e **2 accésits** de 750 € cada un.

Séptima: Documentación.

Documentación obrigatoria:

- a) Modelo normalizado de presentación de candidaturas (facilitada por AJE Lugo).
- b) Declaración xurada (facilitada por AJE Lugo).

A presentación desta declaración non exclúe as posteriores comprobacións de documentos acreditativos que poidera levar a cabo o comité organizador para a verificación dos datos.

Unha vez que a empresa sexa considerada como FINALISTA (feito que se comunicará coa debida antelación):

- a) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade ou documento acreditativo da idade dos socios da empresa candidata.
- b) Logotipo da empresa en formato vectorial e/ou jpeg. (remitir por correo electrónico a info@ajelugo.com)
- c) Extracto das Contas Anuais correspondentes ó último exercicio 2007.

Documentación optativa:

- a) Fotocopias de calqueira tipo de certificación da empresa (calidade, protección de datos, prevención de riscos laborais, premios, distincións, etc.)
- b) Folletos ou dossiers publicitarios, anuncios, mencións e aparicións en prensa etc. Tamén se poderá incluír como documento anexo unha presentación da empresa en soporte dixital (cd/dvd).

As empresas participantes poderán achegar esta documentación xunto coas Contas Anuais, ou ben retrasar a súa aportación ata a elección dos finalistas.

AJE LUGO resérvase o dereito de reclamar toda a documentación referida ou a que estime necesaria para facilitar a realización da elección das empresas finalistas. Nembargantes, os **seis finalistas** elixidos na primeira votación, e as catro empresas reservas, deberán presentar toda a documentación obligatoria no improrrogable prazo de 7 días naturais dende que se lles notifique a súa designación de finalistas ou reservas.

Oitava: Propostas e Prazo de Presentación de Candidaturas.

Deberá de presentarse persoalmente o Modelo normalizado de presentación de candidaturas, que se pode recoller na sede da Asociación de Jóvenes Empresarios de Lugo-AJE Lugo, **Ronda da Muralla, 58, 6ª planta, local 11** (Edificio Sindical) 27003 Lugo. Tamén pode ser válida a presentación mediante remisión por correo certificado á mesma dirección ou por correo electrónico a info@ajelugo.com.

O prazo de presentación de candidaturas vai dende o **9 ó 25 de abril** (ambos inclusive).

Novena: Entrega de Premios.

Os premios entregaranse aos galardonados nun acto público do que se dará cumprida difusión nos medios de comunicación e que en todo caso será comunicado persoalmente a tódolos candidatos.